

Resolución do presidente do Auditorio de Galicia

ASUNTO: Comprobación de méritos e chamamento.

Convocatoria de bolsa de emprego para substitucións para o corpo de porteiros-vixiantes do Grupo C2 nivel 15 do cadro de persoal do Auditorio de Galicia

EXPEDIENTE: 2023/G003/000527

EXPEDIENTES RELACIONADOS: 2023/E001/000001

Por acordo do Consello Reitor do Auditorio de Galicia de 11 de maio de 2023, aprobáronse a convocatoria e as bases para a formación dunha bolsa de emprego para substitucións para os postos de porteiro/a vixiante (C2-Nivel 15). do cadro de persoal do Auditorio de Galicia, establecendo un prazo de 8 días naturais desde a publicación do anuncio da convocatoria no BOP da Coruña nº 96 do 23 de maio de 2023 para a presentación de solicitudes de participación no procedemento selectivo, e se fixaban os requisitos que habían de reunir os aspirantes.

Consonte ao previsto na base 8ª das que regulan o proceso selectivo, procede completar a fase de oposición co segundo exercicio que consistirá nun exame oral de galego cun tempo máximo de 30 minutos para aquel/a aspirante que na fase de méritos non teña acreditado o nivel Celga 3 no coñecemento de lingua galega.

Tal e como recolle a base 6ª no punto 4, o órgano de selección poderá dispor a incorporación, con voz pero sen voto, de asesores especialistas para as probas nas que o estime conveniente.

Visto canto antecede,

RESOLVO:

Primeiro.

Designar como asesor especialista que ha de xulgar o segundo exercicio a:

- Marta Besada Otero, técnica de normalización lingüística do Concello de Santiago de Compostela

Segundo.

Convocar á realización do segundo exercicio, que terá lugar o martes 24 de outubro de 2023, ás 10:00 horas, no Auditorio de Galicia (Avda. Burgo das Nacións s/n, Santiago de Compostela), ao aspirante:

2023/E002/000068	JOSÉ SANMARTÍN GARCÍA	332****97A
------------------	-----------------------	------------

O aspirante deberá acudir provisto de documento acreditativo da súa identidade

Santiago de Compostela, na data que figura na sinatura electrónica

Goretti Sanmartín Rei

Presidenta do Consello Reitor do Auditorio de Galicia